



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO ESTATAL, O MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DO PLAN DE TRABALLO 2017-2018 DO CENTRO DE REFERENCIA NACIONAL DE PESCA E NAVEGACIÓN NO ÁMBITO DA FORMACIÓN PROFESIONAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que a Consellería do Mar ten previsto formalizar co Servizo Público de Empleo Estatal, organismo autónomo estatal adscrito ao Ministerio de Empleo e Seguridade Social, e co Ministerio de Educación, Cultura e Deporte o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abranque dende a data de inscrición do mesmo no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal, e publicado no Boletín Oficial do Estado, ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a colaboración entre o Servizo Público de Empleo Estatal, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e a Comunidade Autónoma de Galicia, para a realización das accións dos Plans de Traballo 2017-2018 do Centro de Referencia Nacional de Pesca e Navegación-Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico de Vigo conforme a normativa, acordos e reunións procedentes.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

O Servizo Público de Empleo Estatal financiará á Comunidade Autónoma de Galicia as accións do Plan de Traballo do Centro de Referencia Nacional de Pesca e Navegación por unha cantidade total de 88.980,13€, correspondendo 8.898,01€ ao ano 2017 en concepto de anticipo do 10% do importe total do convenio, e 80.082,12€ ao ano 2018. O importe correspondente a 2017 aboaráse unha vez asinado o mesmo, en concepto de anticipos polas operacións preparatorias que resulten necesarias para realizar as actividades obxecto do mesmo.

A Comunidade Autónoma de Galicia proporcionará ao Servizo Público de Empleo Estatal información sobre a formación realizada, remitindo os indicadores de control de calidade dos Plans de Traballo do Centro de Referencia Nacional no prazo máximo de tres meses dende a finalización de todas as accións do presente convenio, as cales deberán estar executadas antes de finalizar 2018.

Recoñécese expresamente que a propiedade intelectual dos traballos realizados corresponde ao Servizo Público de Empleo Estatal dentro dos límites establecidos pola Lei de Propiedade Intelectual, así mesmo cederanse tamén a este Servizo todos os dereitos que puidesen corresponder sobre os traballos realizados.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 12 de decembro de 2017.

(asinado dixitalmente)

